

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



2023/2024

| | |
|---|----|
| 1.INTRODUCCIÓN..... | 1 |
| 2.OBXECTIVOS..... | 2 |
| 2.1.OBXECTIVOS XERAIS. | |
| 2.2.EDUCACIÓN INFANTIL. | |
| 2.3.EDUCACIÓN PRIMARIA. | |
| 3. RECURSOS..... | 5 |
| 3.1.PERSOAIS: | |
| 3.2.MATERIAIS: | |
| 4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA | 6 |
| 5. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS | 12 |
| 6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO..... | 13 |
| 7. XORNADA ESCOLAR, HORARIOS, ALUMNADO E RECREOS..... | 13 |
| 8. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN | 16 |
| 8.1.PLAN DE EVACUACIÓN. | |
| 8.2.PROCEDEMENTO PARA ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS | |
| 9. TRANSPORTE ESCOLAR | 23 |
| 10. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO | 23 |
| 10.1.NECESIDADES NAS INSTALACIÓNS, EQUIPAMENTOS E OUTRAS | |
| 11. PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN | 25 |
| 12. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | 29 |
| 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 31 |
| 14. PLAN LECTOR ANUAL..... | 32 |
| 15. PLAN ANUAL DE TIC..... | 38 |
| 16. PLAN DE MELLORA DA CONTORNA..... | 44 |
| 17. PLAN DE POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS..... | 45 |
| 17.1. TITORÍA | |
| 17.2. NIVEL OU CICLO | |

| | |
|---|----|
| 17.3. EQUIPO DIRECTIVO | |
| 17.4. ANPA | |
| 17.5. CANLES DE INFORMACIÓN | |
| 18. OFERTA EDUCATIVA DE RELIXIÓN, ATENCIÓN EDUCATIVA E PROXECTO COMPETENCIAL | 46 |
| 19. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DE TRABALLO | 47 |
| 20. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN | 49 |
| 21. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO | 49 |
| 22. PLAN DE TRABALLO, BENESTAR E CONVIVENCIA..... | 50 |

1-INTRODUCCIÓN.

Neste curso seguimos a contar cun equipo directivo con carácter excepcional o que fai que esta Programación Xeral Anual non estea axustada a un proxecto de dirección, polo que nos propoñemos dar continuidade a aquelas liñas de actuación que se están a desenvolver.

Pretendemos promover un centro aberto á contorna e á súa comunidade educativa establecendo canles de colaboración coas institucións da nosa localidade: Consellería, Concello, ANPA, outros centros escolares...

Intentaremos mostrar en todo momento actitudes de escoita activa e receptiva, sempre abertas a propostas, cambios e suxestións de mellora, tanto por parte dos compañeiros e compañeiras, coma tamén por parte de todos os sectores que conforman a comunidade educativa.

Neste curso levaremos a cabo festas, conmemoracións, xornadas de convivencia e actividades conxuntas para sentir o espírito de pertenza a un colexio e a un grupo máis aló da nosa aula.

Como novidade este curso concedéronnos o PLAMBE para a nosa biblioteca escolar, polo que será un novo reto para levar a cabo. Ademais está solicitado o club de ciencias á espera de ser concedido. Tamén concederon a tódolos centros públicos os Polos creativos, asumindo a coordinación e formación do proxecto a persoa coordinadora do Plan Dixital.

Agradecer, unha vez máis, a todo o claustro a súa dispoñibilidade e colaboración, así coma aos demais sectores da nosa comunidade: familias, ANPA, Concello, etc.

2-OBXECTIVOS.

2.1-Obxectivos xerais:

- Mellorar e potenciar un ambiente estimulante para que o alumnado sexa un cidadán comprometido social e civicamente.
- Mellorar o funcionamento do colexio continuando coa actualización das NOF en primeiro lugar e adaptando todos os documentos ás novas normativas lexislativas .
- Continuar empregando as canles dixitais de comunicación coas familias en todos os formatos: Abalar, páxina web do colexio e correos de aula.
- Promover a coordinación entre as distintas etapas, niveis e comisións, para acadar un consenso de actividades que aglutinen a todo o Centro e outras que ofrezan a liberdade de traballar libremente nas aulas.
- Traballar e promover a competencia Dixital, tanto do alumnado coma do profesorado para aproveitar e optimizar o equipamento do Centro, favorecer o traballo Edixgal e acadar os obxectivos marcados no Plan Dixital.
- Continuar promovendo e dinamizando a sección bilingüe no 1º ciclo.
- Mellorar a convivencia entre todos os estamentos e membros da comunidade educativa, creando canles de colaboración entre todos.
- Elaborar as programacións das diferentes áreas e materias, tendo en conta que a partires deste curso xa todas as etapas do noso Centro están baixo a normativa LOMLOE. Estas programacións realizaranse coa aplicación da Consellería PROENS.
- Revisar a concreción curricular do Centro.
- Revisar e actualizar, na medida do posible, diferentes documentos do centro coma o PEC, o NOF, o Plan Lector ou o Proxecto Lingüístico de Centro.
- Fomentar os hábitos saudables entre toda a comunidade educativa, o coidado da contorna e o mantemento respectuoso dos espazos comúns que compartimos no colexio.

2.2-Obxectivos de Educación Infantil:

- Continuar coa coordinación de nivel, de ciclo e co profesorado de PT e AL a través do DO.
- Establecer unha liña de coordinación didáctica entre infantil e primeiro ciclo de primaria.
- Participar no proxecto lector deste ano.
- Continuar a participar nas actividades e propostas conxuntas de festas e celebracións
- Potenciar o uso do galego.
- Continuar empregando as cooperativas como sistema de xestión dos materiais que precisamos.
- Realizar unha revisión periódica da programación.

2.3-Educación Primaria

1º CICLO:

- Afianzar hábitos de traballo, atención e esforzo.
- Fomentar a autonomía persoal.
- Traballar conxuntamente as festas e celebracións.
- Potenciar as relacións interpersoais, fomentando o respecto ás persoas e ó contorno.
- Seguir a potenciar o uso do galego e a súa utilización na vida cotiá.
- Fomentar e integrar o uso das TIC no traballo diario de aula.
- Realizar unha revisión periódica dos obxectivos propostos.
- Reforzar os obxectivos dos contidos non traballados o curso anterior.
- Potenciar hábitos e rutinas de hixiene dentro do contexto escolar.
- Fomentar a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2º CICLO:

- Fomentar a responsabilidade, os hábitos de traballo e a autonomía entre o alumnado.
- Promover a orde e o respecto entre iguais.
- Sensibilizar ao alumnado na importancia de levar unha vida saudable: hixiene, exercicio, alimentación...
- Participar, se é posible, en todas as actividades que se propoñan tanto no Centro, coma dende o Concello.
- Estudar e coñecer a contorna do colexio.
- Realizar unha revisión periódica dos obxectivos propostos..

3º CICLO:

- Fomentar a responsabilidade, os hábitos de traballo e a autonomía entre o alumnado.
- Promover a orde e o respecto entre iguais.
- Sensibilizar ao alumnado na importancia de levar unha vida saudable: hixiene, exercicio, alimentación,...
- Participar, se é posible, nas actividades que se propoñan tanto no Centro, coma desde o Concello.
- Estudar e coñecer a contorna do colexio.
- Sensibilizar ao alumnado no emprego de enerxías alternativas.
- Poñer en práctica actividades dirixidas á mellora da convivencia, a promoción do bo trato, a resolución de conflitos, a mellora da autoestima, a educación afectiva e o desenvolvemento de habilidades de comunicación e relación.
- Realizar charlas na aula con relatores alleos sobre temas relacionados co currículo e segundo dispoñibilidade: Plan Director, educación afectivo-sexual, soberanía alimentaria, ...
- Realizar unha revisión periódica dos obxectivos propostos.

3-RECURSOS

3.1-Persoais:

| | |
|--|----|
| PERSOAL DOCENTE | 36 |
| Auxiliares técnicos educativos | 2 |
| Auxiliar conversa inglés | 1 |
| Auxiliar administrativo | 1 |
| Conserxería | 1 |
| Limpadoras | 4 |
| TOTAL PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS | 8 |
| TOTAL PERSOAL DO CENTRO | 43 |

3.2-Materiais:

- Instalacións do Centro.
- Mobiliario e material didáctico.
- Achegas económicas da Consellería de Educación e do Concello de Oleiros.

4-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

| TITORÍAS EDUCACIÓN INFANTIL | | |
|------------------------------------|--|------------------------------------|
| | A | B |
| 4º | Leticia Parga Suevos | Marta Aldao Placer |
| 5º | Victoria Seoane Carrillo | María Meirama Amor |
| 6º | Gregorio Varela Vieites | M ^a del Pilar Cid López |
| APOIOS E ESPECIALISTAS | | |
| | M ^a del Carmen Vázquez Roca | Apoio |
| | María Bandín Lamas | Apoio e Xefatura |
| | Paulo Padrón Santamaría | Ed. Musical |
| | Beatriz Barreiro García | Relixión |
| | Antonio Asensio Roldán | Inglés |
| | María Ángeles Arias Nogueira | Psicomotricidade |

TITORÍAS EDUCACIÓN PRIMARIA

| | A | B | C |
|----|----------------------------|---------------------------------------|--|
| 1º | Lidia Pérez Carreira | Nélida Paz Rodríguez | |
| 2º | Marta Suárez Ferreiro | M ^a Fe Carrón Fidalgo | Rosalía Méndez Castaño Carmen Campo Fdez. |
| 3º | Irene Graña Pérez | M ^a Jesús Fraga Fernández | Juan Carlos Rodríguez Vázquez |
| 4º | Ana Victoria Pérez Meiriño | María Ángeles Arias Nogueira | Ana Castro Limeres |
| 5º | Antonio Asensio Roldán | Ana Souto López | Verónica Rodríguez Díaz |
| 6º | Josefina Mosquera Roel | M ^a Asunción Díaz Alvariño | |

PROFESORADO ESPECIALISTA

| | |
|---------------------------|--|
| Margarita Graña Bermúdez | Inglés 2ºA e B, 3º A ,B e C, 4º A,B,C |
| Irene Pan López | Inglés 1º,2ºC, 5º e 6º EP |
| Antonio Asensio Roldán | Inglés en EI |
| Paulo Padrón Santamarina | Educación musical en EP e EI |
| Miguel Ángel Valín Martín | Educación Física en 3º, 4ºA e C, 5º e 6º EP |
| María Fernández Porto | Educación Física en 1º, 2º, secretaría e apoios. |
| Carmen Campo Fernández | Matemáticas 2º C, apoios e Dirección. |
| Ana Mariño Santiago | Orientadora |
| Josefa Fernández Álvarez | Pedagogía Terapéutica |

| | |
|---|----------------------------------|
| Sara Mato Abad | Pedagogía Terapéutica |
| Paula Galán Fernández | Audición e Linguaxe |
| Sandra Hermida Romero Patricia Bao Rodríguez (substituta) | Audición e Linguaxe (compartida) |
| Beatriz Barreiro García | Relixión (compartida) |

CICLO EI E NIVEIS EP

| | COORDINADOR/A | MEMBROS |
|-------------|-------------------------------------|---|
| ED INFANTIL | Vázquez Roca, M ^a Carmen | Aldao Placer, Marta Bandín Lamas, María Cid López, M ^a del Pilar Mato Abad, Sara Meirama Amor, María Parga Suevos, Leticia Seoane Carrillo Victoria Varela Vieites, Gregorio Vázquez Roca, M ^a Carmen |
| 1º CICLO EP | Carrón Fidalgo, M ^a Fe | Campo Fernández, Carmen Carrón Fidalgo, M ^a Fe Fernández Álvarez, Josefa Fernández Porto, María Galán Fernández, Paula Méndez Castaño, Rosalía Paz Rodríguez, Nélida Pérez Carreira, Lidia Suárez Ferreño, Marta |

| | | |
|--------------------|---|--|
| <p>2º CICLO EP</p> | <p>Rodríguez Vázquez, Juan Carlos</p> | <p>Arias Nogueira, M^a Ángeles Bao Rodríguez, Patricia Castro Limeres, Ana M^a Fraga Fernández, M^a Jesús Graña Bermudez, Margarita Graña Pérez, Irene Pérez Meiriño, Ana Victoria Rodríguez Vázquez, Juan Carlos</p> |
| <p>3º CICLO EP</p> | <p>Souto López, Ana</p> | <p>Asensio Roldán, Antonio Barreiro García, Beatriz Díaz Alvariño, M^a Asunción Fernández Álvarez, Josefa Mariño Santiago, Ana Mosquera Roel, Fina Padrón Santamarina, Paulo Pan López, Irene Rodríguez Díaz, Verónica Souto López, Ana Valín Martín, Miguel Ángel</p> |

| EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN | | |
|--|-----------------------------|---|
| | COORDINADOR/A | MEMBROS |
| DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | Pérez Meiriño, Ana Victoria | Bandín Lamas, María Pérez Carreira, Lidia Pérez Meiriño, Ana Victoria Méndez Castaño, Rosalía Souto López, Ana |
| ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS | Campo Fernández, Carmen | Todo o claustro |
| DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA | Marta, Suárez Ferreño | Carrón Fidalgo, M ^a Fe Cid López, Pilar Fraga Fernández, M ^a Jesús Parga Suevos, Leticia Rodríguez Díaz, Verónica Suárez Ferreño, Marta Vázquez Roca, M ^a Carmen Díaz Alvariño, Asunción Campo Fernández, Carmen |

| | | |
|---|---|--|
| <p>DINAMIZACIÓN DAS TIC</p> | <p>Asensio Antonio</p> <p>Roldán,</p> | <p>Aldao Placer, Marta Asensio Roldán, Antonio Barreiro García, Beatriz Fernández Porto, María Galán Fernández, Paula Padrón Santamarina, Paulo Varela Vieites, Gregorio Pan López, Irene Valín Martín, Miguel Ángel</p> |
| <p>MELLORA CONTORNA</p> <p>DA</p> | <p>Seoane Victoria</p> <p>Carrillo,</p> | <p>Castro Limeres, Ana Meirama Amor, María Mosquera Roel, Josefina Graña Bermúdez, Margarita Graña Pérez, Irene Paz Rodríguez, Nélida Rodríguez Vázquez, Juan Carlos Seoane Carrillo, Victoria</p> |
| <p>COMISIÓN CONVIVENCIA</p> <p>DE</p> | <p>Ana Mariño Santiago</p> | <p>Todo o Departamento de Orientación</p> |

5-PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos colexiados deberán en todo momento:

- Velar pola efectiva realización dos fins da educación e pola mellora da calidade do ensino.
- Garantir o exercicio dos dereitos do alumnado, persoal docente e non docente, familias e persoal de servizos.
- Favorecer a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na xestión e avaliación do Centro.

| CALENDARIO DE REUNIÓN S DE COORDINACIÓN DOCENTE E ÓRGANOS DE GOBERNO | |
|--|---|
| Claustro e Consello Escolar | Un por trimestre, sendo obrigatorias un ao comezo e outro ao remate do curso. |
| Comisión de Convivencia | A lo menos unha por trimestre |
| Equipos de ciclo e nivel | Os luns en horario de 17.00 a 19.00 h. segundo calendario trimestral que elabora a xefa de estudos. |
| Comisión de coord. pedagóxica | |
| Dpto. de orientación, comisións ... | |
| Reunións xerais, grupos de traballo | Mércores de 16.00 a 18.00 h. |

Este calendario poderase alterar en función das necesidades do Centro ou das festividades. Avisarase con antelación.

6-PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

O plan de actuación do equipo directivo correspóndese aos obxectivos determinados nesta programación e as tomas de decisión e medidas de xestión necesarias para o funcionamento, que se circunscriben a unha situación de transición polo nomeamento de carácter extraordinario do mesmo por ausencia de candidatos e polo tanto sen un proxecto de dirección.

7-XORNADA ESCOLAR, HORARIOS E ALUMNADO.

En canto á xornada escolar, así como os horarios de entrada, recreos e saídas queda do seguinte xeito:

Horario de entrada:

Transporte (08:45h): Entrarán pola porta principal acompañados e dividiranse os que van ao edificio A e os que van ao B. No edificio A, o alumnado de 1º ciclo subirá ao espazo do chan vermello e El irá para a aula de usos múltiples. O alumnado de 2º ciclo irá á biblioteca e o alumnado de 3º ciclo subirá ao 2º andar do edificio B onde 6º EP agardará na aula de 6ºA e o alumnado de 5º EP agardará na aula de 5ºA. En todos estes espazos estará o profesorado de garda correspondente.

O alumnado de 1º e 2º (09:00h) entrarán acompañados das familias polo portal verde que dá acceso ao patio cuberto do edificio A e xa no patio cuberto subirán cara as súas aulas. Nesa porta do patio cuberto haberá unha persoa de garda do 1º ciclo vixiando que a entrada e subida do alumnado se faga de xeito ordenado e prudente.

O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º (08:55h) entrarán polo portalón azul acompañados das familias e agardarán baixo a vixilancia das mesmas no patio cuberto de EP ata que soe a música, momento no que abriranse as portas que dan acceso ao corredor e xa subirán cara a s súas aulas.

Infantil (09:00h): entrarán acompañados dun adulto polo portal verde que dá acceso ao patio cuberto do edificio A e irán directamente á porta exterior da aula acompañados.

Mañanceiros: o alumnado usuario deste servizo de EI e 1º Ciclo, será acompañado polos monitores ata as súas respectivas aulas cando toque a música. O alumnado de 2º e 3º Ciclo serán acompañados ata a porta principal do edificio B cando toque a música. Unha vez alí, cada neno se dirixirá á súa aula.

Horario de saída:

TRANSPORTE: Todo o alumnado de transporte sairá pola porta principal.

- Infantil (13:50): recollidos nas aulas pola persoa de garda de transporte e levaraos ata a entrada do edificio A, onde os recollerán as coidadoras do bus.
- 1º e 2º (13:55h): a persoa de garda de transporte recolleraos na súa aula e levaraos ata a zona dos autobuses.
- 3º e 4º A (13:55h): a persoa de garda de transporte recolleraos na súa aula e levaraos ao autobús.
- 5º, 6º e 4º C e 4º B (13:55h): a persoa de garda do alumnado de transporte recolleraos na súa aula e levaraos ao autobús.

CASA:

- 1º e 2º (14:00h): sairán polo patio cuberto do edificio A onde os/as recollerán as familias.
- 3º, 4º, 5º e 6º (14:00h): sairán polo patio cuberto do edificio B onde estarán esperando as familias.
- Infantil (14:00h): serán recollidos polos seus pais e/ou nais ou persoas responsables, polas portas de emerxencia das aulas.

COMEDOR:

Os monitores e monitoras de comedor recollerán ao alumnado de 1º ciclo e o acompañarán a facer as rutinas de hixiene e baixarán con eles/as ata o comedor. O alumnado de EI será recollido polas portas ao tempo co alumnado transportado. Os grupos de 3º, 4º, 5º e 6º de EP son recollidos nas portas ao igual que os de transporte e xa baixan co monitorado ata o comedor.

Horario de recreo:

- 1ª Quenda: de 11.30 a 12.00h: todo EP.
- 2ª Quenda: de 12:00 a 12:30. todo EI.

Para os recreos de EP, haberá profesorado de garda en 9 zonas que abranguen todos os espazos nos que o alumnado pode gozar deste tempo de lecer e respectando a rateo de 50 alumnos/as por mestre/a de garda, tal e como marca a lexislación vixente. Estas zonas de garda son: biblioteca, porta principal, salgueiros e patio cuberto EI, castiñeiros e castelo de EP, patio cuberto de EP e camelio, Pista de abaixo fútbol, pista de abaixo baloncesto, pistas de arriba e zona caldeira. Ademais, contemplamos unhas quendas diferentes para os recreos con choiva. Nestes casos o timbre tocará 3 veces indicando que non se sairá ao exterior e os tempos de lecer serán nas aulas, habendo 1 mestre de garda en cada aula.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-----|---------------------|---------------------|----------|---------------------|-------------|
| 1ºA | BEA | LIDIA | MARÍA P | LIDIA | LIDIA |
| 1ºB | SANDRA AL | NELI | NELI | PAULA | NELI |
| 2ºA | MARTA | PAULA | MARTA | MARÍA P | MARTA |
| 2ºB | PAULA | MARIFÉ | CARMEN | MARIFÉ | MARIFÉ |
| 2ºC | ROSALÍA | SANDRA AL | ROSALÍA | CARMEN | ROSALÍA |
| 3ºA | IRENE G | MARGA | IRENE G | MARGA G | IRENE G |
| 3ºB | SARA | CHUS | MARGA | CHUS | CHUS |
| 3ºC | M ^a JOSÉ | JUAN CARLOS | MIGUEL | JUAN CARLOS | JUAN CARLOS |
| 4ºA | MIGUEL | MIGUEL | ANA P | ANA P | ANA P |
| 4ºB | MARIA A | ANUSCA | MARIA A | ANUSCA | MARÍA A |
| 4ºC | ANUSCA | M ^a JOSÉ | ANA C | ANA C | ANA C |
| 5ºA | TONO | PAULO | TONO | TONO | BEA |
| 5ºB | PAULO | SARA | ANA S | ANA S | ANA S |
| 5ºC | VERO | IRENE P | VERO | SARA | VERO |
| 6ºA | IRENE P | FINA | IRENE P | FINA | FINA |
| 6ºB | ASUN | ASUN | PAULO | M ^a JOSÉ | ASUN |

-A biblioteca permanecerá pechada os días de chuvia.

-No caso de que na metade do recreo comece a chover e toquen os 3 timbres, o alumnado subirá a cadansúa aula e acudirá a cada clase o profesorado que lle corresponda garda de chuvia ese día con cada grupo.

-No caso de que no momento de saír ao recreo chova e toquen os 3 timbres o recreo xa se fará completo na aula, independentemente de que pasado un rato pare de chover.

No caso dos recreos de EI, a rateo é de 1 mestre/a de garda por cada 25 alumnos/as, establecendo deste xeito 6 puntos de garda fora e un fixo nos aseos comúns do corredor. Estas 6 zonas de garda para EI son: castiñeiros, parque 1, parque 2, patio cuberto 1, patio cuberto 2 e esquina patio.

8-PLANO DE AUTOPROTECCIÓN

Levarase a cabo unha xornada de auto protección e primeiros auxilios xunto co Servizo de Protección Civil do Concello de Oleiros.

O plano de auto protección está incorporado na base de datos do Concello e ao PEC do Centro, sen embargo durante este curso intentarase levar a cabo unha reelaboración profunda deste documento, así coma doutros, para adaptalo a novos espazos no colexio, novos tempos e normativas.

8.1-PLAN DE EVACUACIÓN.

Está previsto facer un simulacro se os organismos encargados de organizalo e supervisalo, así o aconsellan.

Para avisar, tocará o timbre de xeito diferente (6 toques intermitentes)

- O titor terá nomeados dous responsables para que avisen de que se pechen as fiestras.
- Avisará que ninguén colla nada, que saian todos inmediatamente e que a porta quede pechada.
- O profesor que está na aula (titor ou especialista) diríxese á zona que lle foi adxudicada cos alumnos/as. O titor, no caso de que non estea na aula, dirixirase a esta zona. Unha vez que o titor se faga cargo do seu alumnado, o especialista diríxese ao punto de encontro.
- As escaleiras báixanse en dúas filas; unha pegada á parede e outra pegada ao pasamáns. O mesmo nos corredores, saír pegados ás paredes e deixar a zona central libre.
- A primeira persoa que chegue ás portas encárgase de abrilas na súa totalidade.
- A última persoa en saír comproba que non quede ninguén nas aulas nin nos servizos que queden no seu percorrido e pecha as portas. Deixará no chan debaixo da porta un folio, indicando que o espazo está revisado e non queda ninguén dentro.
- Reunímonos todos nas pistas de abaixo.

Edificio A

Planta baixa

- Educación Infantil utilizará a porta de emerxencia da súa aula e dirixiranse á pista de abaixo

pola rampla das pistas de arriba coma se fosen ao invernadoiro.

- AL sairá pola porta fondo sur (parque infantil) e baixará cara as pistas de abaixo polo camiño a través dos castiñeiros.
- Os que estean en usos múltiples e PT saen pola porta norte (entrada principal) e van cara as pistas de abaixo polo corredor das portas de emerxencia das aulas de EI e logo baixan polo camiño coma se fosen ao invernadoiro.
- Os profesores que nese momento non estean na aula comprobán que non quede ninguén nos servizos.
- Todos se concentran nas pistas de abaixo.

1ª Planta

- 1º, 2º de EP e a aula de inglés, saen polas escaleiras e pola porta fondo sur (parque infantil) e baixan ás pistas de abaixo polo camiño a través dos castiñeiros.
- A aula de informática, Relixión e sala de mestres, saen pola porta norte e fan o mesmo recorrido que os que están en usos múltiples no andar de abaixo..
- Todos se dirixen ás pistas de abaixo.

Edificio B

Planta baixa

- O profesor da aula máis próxima ás portas do patio cuberto (3ºA) abre as mesmas e volve á súa aula para saír co seu grupo pola porta de emerxencia da clase.
- Todo o alumnado da planta baixa, incluído o alumnado que se encontre na biblioteca sairá pola porta de emerxencia das aulas e dirixiránse á pista de abaixo polo corredor ao carón do pavillón.
- Orientación abre as portas de saída situadas ao lado de dirección. Os profesores que estean nas aulas de orientación comprobán que non quede ninguén en servizos e corredores.

1ª Planta

- O alumnado de 6º e 4ºC, e sala de mestres, baixa polas escaleiras que van aos despachos de dirección e saen pola porta principal. Dirixiránse ás pistas de abaixo cruzando entre a pista vermella e a negra baixando pola rampla en ringleira e pegados a unha marxe do camiño para deixar tamén sitio ao alumnado de educación infantil que tamén está baixando polo mesmo camiño.

- O alumnado de 5º,4ºB, aula de música, aula interdisciplinar e aula de informática, baixará polas escaleiras sur do edificio, atravesando o patio cuberto e baixando cara as pistas de abaixo polo camiño que vai pegado ao pavillón, igual que as aulas do corredor de abaixo.
- Os profesores que estean na sala de profesorado comprobán que a planta quede libre, revisando os baños, e as portas pechadas.

Punto de Encontro

- Na pista de abaixo, ao final da rampla. Diríxense alí todos os especialistas unha vez que deixen aos rapaces cos seus titores. O equipo directivo asignará tarefas.
- Unha vez feito o simulacro e recollidas as incidencias, tocará o timbre para que o alumnado se incorpore á aula co profesor que lle corresponda nese momento.
- Na reunión de ciclo/nivel, o profesorado fai unha valoración do simulacro e incorpora as súas achegas.
- Na CCP valóranse as achegas dos ciclos e niveis que se comunican ao equipo directivo para que faga as xestións e modificacións oportunas.

Control de persoas que acceden ao Centro.

Non se pode acceder aos espazos didácticos e corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización.

Protección do alumnado.

Ningún alumno/a pode abandonar o Centro en horario escolar, agás que sexa recollido/a polos pais/nais/titores/as ou persoa debidamente autorizada, para o cal terán que cubrir o formulario de recollida a disposición en secretaría.

Este formulario tamén deberá ser cuberto no caso de chegar ao colexio xa empezada a xornada escolar e entregado á titora ou titor.

Calquera cambio de procedemento (transporte, comedor, persoa que os recolle...) terá que ser comunicado por escrito e coa debida antelación, preferentemente empregando o formulario que existe para tal efecto a disposición das familias na páxina Web do Centro.

Por razóns de seguridade, non admitiremos avisos e comunicacións telefónicas.

Medidas de seguridade.

O Centro dispón de valados protectores que sinalan o perímetro do Colexio, portas de seguridade e extintores. Do mesmo xeito os portalóns de entrada e saída pecharanse pasados 10 minutos das 09:00h, quedando como única porta de entrada e saída do colexio e controlada por vídeo porteiro, o portalón branco.

8.2-PROCEDEMENTO PARA ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS

| | |
|--|---|
| <p>AVISA A primeira persoa sen separarse da accidentada</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Avisa ou manda aviso a outros. • Despexa o espazo. • Dá as primeiras instrucións. • Transmite a información que teña. |
| <p>ATENDE A profesora titora</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Atención persoal do accidentado en todo momento, ata que se faga cargo a familia. • Seguimento e relación coa familia. • En caso de lesións leves que non requiran chamada telefónica, mandar unha nota informativa. |
| <p>ACTÚA E SUPERVISA O equipo directivo</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comprobar ficha médica. • Decisións en canto ás seguintes medidas. • Chamar ao 061/ 112. • Substitución do profesorado. • Chamar á familia. • Tranquilizar ao alumnado. • Recibir ambulancia e/ou familia |

NOTAS

- Hai caixas de urxencias xunto nas aulas de EI, salas de mestres dos dous edificios, diante de conserxería e na entrada de dirección.
- Os medicamentos específicos para problemas de alerxias e de saúde graves están na caixa de urxencias ao carón da porta de dirección. Se algún do alumnado de alerta escolar, con este tipo de medicación, fose usuario do comedor, esta medicación estará gardada no botiquín diante de conserxería.
- Tentaremos sempre poñernos en contacto coas familias.
- Hai carpetas cos teléfonos de referencia de cada curso nos seguintes espazos:

INFANTIL: sala de infantil do corredor ao carón de usos múltiples.

1º EP e 2º EP : sala profesorado, edificio A.

3º, 4º, 5º e 6º de EP: sala do profesorado, edificio B.

- Nas carpetas de teléfonos figura tamén:
- A relación de alumnado dentro do programa de alerta escolar. O protocolo está dentro do armario de primeiros auxilios, diante de dirección.
- A relación por curso do alumnado con algún problema de saúde
- Temos casos de intolerancia ao glute e alerxias alimentarias. Debemos ter precaución cos alimentos.
- En caso de crise asmática dalgunha persoa diagnosticada e con tratamento, seguiremos este procedemento:
- Igual que nos demais casos, priorizarase contactar coa familia e seguir as súas instrucións
- Se non se pode, hai nenos e nenas que traen o seu inhalador.
- De non ser así, chamar ao 061/ 112 e sempre tranquilizando ao neno/a.




AVISO: Os teléfonos máis fiables son os que figuran nas carpetas que están nas salas do profesorado.

-CARPETAS VERMELLAS:


No primeiro caixón das mesas de profesores/as de cada aula, haberá unha carpeta vermella con toda a información e autorizacións do alumnado do grupo dentro.

Esta información non pode estar exposta por motivos de protección de datos, polo que estará custodiada deste xeito e tódalas aulas por igual, de xeito que aínda que o/a titor/a non estea, calquera mestre/a que vaia substituír nesa aula, saiba onde está toda esta información.

Ademais, en EP no caixón da mesa do profesor/a onde está gardada a carpeta vermella e nas aulas de EI ao carón da porta de entrada, estarán pegados os seguintes símbolos segundo correspondan:

| | |
|---|-------------------------|
|  | ALERTAS MÉDICAS |
|  | CUSTODIAS, VISITAS, ETC |
|  | NON AUTORIZADOS IMAXES |

PROTOCOLO XERAL PARA ALUMNADO CON ALERXIAS



9-TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte público funciona actualmente con catro rutas:

- Nº1: Arcadia/ N VI/ O Seixo (autorizados excepcionalmente) N VI/Raxarúa N VI/Citroën. A Rampla (Montrove). Montrove/ Tele club Montrove/ Limoeiros.
- Nº2: Avda. Che Guevara. Rúa Darwin
- Nº3: N VI/ P. Bus Beiramar.
- Nº4/5: A. Sta Cristina 1. Sta. Cristina/ Hábitat.

A contratación de autobuses e persoal coidador, os criterios de uso e todo o relativo á normativa do Transporte está regulado pola Xefatura Territorial de Educación.

Desde a dirección do Centro xestionamos o servizo en canto a altas e baixas de usuarios, supervisión e vixilancia de entradas e saídas no Centro, incorporación de alumnado novo, xestión de autorizacións para recollida nas paradas, atención de nenos non recollidos na súa parada, etc.

10-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO E NECESIDADES

A distribución das aulas nos dous edificios quedan do seguinte xeito para o presente curso escolar:

Edificio A

Planta baixa: 6 aulas de infantil, conserxería, despacho ANPA, 2 despacho de audición e linguaxe, 1 despacho de PT, sala de usos múltiples, aula multisensorial, aula de actividades ANPA, 2 cuartos baixo as escaleiras (limpadoras e material ANPA), 3 aseos para adultos, 2 aseos para alumnado nos extremos do corredor e comedor con dúas estancias comunicadas.

1ª Planta: 5 aulas de primaria (1º, 2º) aula de Informática, aula de relixión, aula de inglés, sala de profesores, 2 aseos para nenos e nenas nos extremos do corredor e o espazo superior do comedor que está sen rematar e emprégase de momento como almacén.

Edificio B

Planta baixa: 4 aulas de primaria, aula PT, biblioteca, departamento de orientación, secretaría, dirección, xefatura de estudos, despacho de inglés, cuarto con material de mantemento baixo

a escaleira primeira, 2 aseos para adultos, 2 aseos para alumnado, pequeno almacén de material funxible e almacén principal ao final do corredor con apartado eléctrico e para as limpadoras.

1ª Planta: sete aulas de primaria, aula de música, sala de informática, sala do profesorado, aula interdisciplinar e 2 aseos para o alumnado.

O Centro dispón dun pavillón polideportivo no propio recinto.

Espazos para actividades extraescolares:

- “Mañanceiros” utilizará o comedor dende as 7:30 ata as 09:00h ofrecendo tamén servizo de almorzo.
- En horario de 14.00 a 16.00 h. utilizarán o comedor para as quendas de xantar, os patios cubertos, pavillón e a aula de usos múltiples.
- En horario de 16:00 a 18:00h, a ANPA xestiona a oferta de actividades extraescolares a través de clubs externos, para as que utilizarán os patios cubertos, pistas exteriores, o pavillón, aula de usos múltiples, espazo enriba de usos múltiples e aula de actividades ao carón de usos múltiples no corredor de abaixo.

10.1-NECESIDADES NAS INSTALACIÓNS, EQUIPAMENTOS E OUTRAS:

- Remate e acondicionamento da planta superior do comedor.
- Cambio do tellado do edificio B.
- Arranxo da marquesiña de entrada do edificio B.
- Arranxo das pingueiras de varias aulas e corredor do edificio A, así como do pavillón.
- Rematar a actuación de mellora nas gradas.
- Continuar co pintado de corredores e aulas.
- Arranxo das deficiencias existentes en portas, fiestras e persianas.
- Instalación de portas antipánico nas aulas da planta baixa do edificio A e B.
- Poñer rampas nas saídas de emerxencia das aulas de Educación Infantil e Primaria e para o acceso á pista negra.
- Actuación nos sumidoiros para evitar cheiros.
- Cerramento da parte superior do soportal sur do edificio A.
- Mellorar a calidade acústica do pavillón.
- Modificación dos aseos do edificio A eliminando os urinarios de parede e colocando inodoros de forma que se poda aumentar o aforo e dar servizo a máis alumnado.

- Necesidade de sellado ou outro tipo de protección para que o alumnado non poda levantar as tapas dos sumidoiros ou dos rexistros.
- Arranxo do sumidoiro baixo a fonte do patio cuberto de EI que non para de atascar auga.
- Reformar a instalación eléctrica instalando dous diferenciales distintos para cada edificio, de xeito que cando salte o limitador (cousa que é bastante frecuente) poidamos saber en que área do Centro está o problema.

11-PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN.

Os recursos humanos cos que conta este curso escolar o Departamento de Orientación son: 2 profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica, 1 mestra especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo e outra compartida co CEIP Isidro Parga Pondal, dúas Auxiliares Técnico Educativo e 1 orientadora. Ademais o Departamento conta tamén cunha especialista de AL a tempo completo grazas ao programa Acompaña que foi concedido recentemente.

O centro escolariza un número importante de alumnado con necesidade específica de apoio educativo que inclúe: alumnado con necesidades educativas especiais relacionadas con trastornos do neurodesenvolvemento e/ou trastornos graves da comunicación ou da linguaxe; alumnado con retraso madurativo; con trastornos de atención e/ou hiperactividade; con trastornos de aprendizaxe (dislexia, disgrafía, discalculia); alumnado procedente do estranxeiro que descoñece as linguas vehiculares; alumnado vulnerable pola situación socio-familiar, por condicións persoais ou de historia escolar e alumnado con altas capacidades intelectuais.

A partires dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación, e atendendo tamén ao recollido na memoria de final de curso, sinalamos como liñas prioritarias de actuación para este curso escolar as seguintes:

- Colaborar e asesorar na revisión e actualización dos diferentes plans, en consonancia coa nova normativa.
- Colaborar e asesorar na elaboración das concrecións e adaptacións curriculares significativas ou non, para a atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Diseñar e colaborar con actuacións que teñan como obxecto a promoción do benestar emocional do alumnado de todos os niveis e especificamente co alumnado de 6º de E. Primaria, en colaboración co profesorado titor.

Para tratar de acadar os obxectivos mencionados están previstas ao longo do curso as seguintes actividades:

1º TRIMESTRE

- Proposta de organización da atención ao alumnado con neae, concretando o horario de atención en función das necesidades individuais e o profesorado dispoñible.
- Concretar as medidas e tarefas que realizará o persoal coidador na súa atención ao alumnado con nee, segundo as necesidades individuais.
- Xestión das solicitudes de bolsas MEC para o alumnado con neae.
- Asesorar e colaborar co profesorado na avaliación inicial (incidindo na detección temperá de posibles dificultades), na realización dos programas de reforzo e nas adaptacións curriculares.
- Atención e orientación ás familias.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.
- Promover a colaboración e coordinación de todo o profesorado que atende ao alumnado con neae.
- En colaboración co profesorado titor de 6º e 5º de Primaria: desenvolvemento de actividades de educación afectiva e bo trato (Proxecto Educativo “Colexio do Benquerer” da Fundación Meniños e Obradoiro de Formación en Resolución de Conflitos entre outras).
- Contacto e colaboración con outros Servizos e Institucións na procura dunha mellor atención ao alumnado do centro.
- Participación nas sesións de avaliación.

2º TRIMESTRE

- Revisión de horarios de atención ao alumnado con neae, en colaboración e coordinación co profesorado especialista en PT e AL.
- Revisión das medidas e tarefas do persoal auxiliar técnico educativo, en función da evolución do alumnado atendido.
- Continuar coas avaliacións psicopedagóxicas e as actualizacións necesarias.
- Seguir colaborando co profesorado titor nas actividades para promover o benestar emocional.

- Seguimento do alumnado con neae e das adaptacións curriculares.
- Coordinación con outros servizos externos.
- Atención e orientación ás familias con propostas de actividades formativas no centro, se fose posible.
- Participación nas sesións de avaliación.

3º TRIMESTRE

- Revisión de horarios de atención ao alumnado con neae, en colaboración e coordinación co profesorado especialista en PT e AL.
- Revisión das medidas e tarefas do persoal auxiliar técnico educativo, en función da evolución do alumnado atendido.
- Continuar coas avaliacións psicopedagóxicas.
- Seguimento do alumnado con neae e das adaptacións curriculares.
- Atención e asesoramento ás familias.
- Colaboración e coordinación con Servizos externos e outras Institucións.
- Coordinación co DO do IES Neira Vilar e posta en práctica do Plan de Preparación para a ESO.
- Elaboración dos informes do alumnado con neae que remata Ed. Primaria,
- Participación e asesoramento ao profesorado nas sesións finais de avaliación e nas decisións de promoción.
- Avaliación das actuacións do Departamento de Orientación e redacción da Memoria.
- Previsión do alumnado con neae para o próximo curso.

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A resposta á diversidade non consiste en adoptar medidas dirixidas a uns poucos alumnos/as, se non en contemplar e reflectir as distintas capacidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe nas programacións didácticas. Polo tanto antes de decidir outras medidas máis específicas ou extraordinarias cun alumno/a, é preciso ter en conta a diversidade dende a programación de aula, que é o espazo no que deben estar as primeiras medidas directas. Estas medidas están destinadas a calquer alumno/a que nun momento determinado non pode seguir o ritmo normal da clase ou ten dificultades puntuais nun tema ou nuns contidos determinados.

En Educación Primaria, cando un profesor ou profesora aplique de forma sistemática e continuada no tempo algunha medida ordinaria de atención a diversidade con algún alumno ou alumna será reflectido no XADE marcando o RE en cada unha das avaliacións trimestrais. Para o alumnado ao que se lle aplique Reforzo Educativo nunha ou mais áreas, as medidas postas en práctica recolleranse a final de curso no correspondente Documento de Medidas Ordinarias. En Educación Infantil as medidas ordinarias postas en práctica cun alumno ou alumna recolleranse no informe de final de etapa.

Para a organización da atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de PT e AL, seguiranse os seguintes criterios prioritarios:

- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, trastornos do neurodesenvolvemento, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación ou da linguaxe.

No caso de quedar con horario dispoñible, o profesorado de PT asignarase seguindo os criterios expostos a continuación:

- Alumnado que manifeste un desfase curricular significativo e siga unha ACS.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. (Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos de maior gravidade).
- Novo alumnado ao que se lle detecten neae e así se determine no informe psicopedagógico.

No caso de quedar con horario dispoñible na especialidade de Audición e Linguaxe, a prioridade estará determinada polo tipo de problemas que presente o alumnado con neae, na seguinte orde: problemas de comunicación, problemas de linguaxe e por último, as dificultades relacionadas coa fala. Neste caso, atenderanse primeiro aos alumnos/as de máis idade.

A atención das especialistas de PT e AL será por norma xeral dentro da aula ordinaria, buscando sempre un apoio de calidade antes que de cantidade. Cando sexa precisa a atención fóra da aula ordinaria, buscarase a coincidencia coas áreas instrumentais no horario do grupo.

Como un recurso mais de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, prestarase especial atención á organización do apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Será organizado pola Xefatura de Estudos en colaboración coa Xefatura do Departamento de Orientación e para a súa asignación aos grupos teranse en conta como criterios prioritarios: número de alumnado do grupo que presenta dificultades e que non pode recibir outras medidas, cursos dos primeiro ciclo, presenza de alumnado repetidor e presenza de alumnado con materias suspensas.

Ademais este profesorado poderá tamén atender individualmente ao alumnado con descoñecemento grave das linguas de instrución e/ou desfase curricular

12-EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Segundo o establecido no Decreto 79/2010 do 20 de maio (DOG do 25), para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, nos seus artigos 14.2 se 14.3, sinalan respectivamente, que: Cada Centro deberá elaborar un Proxecto Lingüístico para catro cursos escolares e que deberá ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

Tendo como referente o Proxecto Lingüístico do Centro e seguindo o establecido no capítulo III (as linguas oficiais de Galicia no ensino non universitario) do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, formulamos os seguintes **obxectivos para o fomento do uso do galego:**

- Potenciar e valorar positivamente o uso do galego coa fin de que sexa a lingua vehicular do noso Centro tanto nas tarefas de ensino-aprendizaxe como nas relacións sociais co resto da Comunidade Educativa.
- Fomentar actividades que promovan o uso da nosa lingua tanto a nivel interdisciplinar como na formación de grupos de traballos encamiñados a ese fin.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso da nosa lingua e aos restantes membros do Claustro, proporcionándolles toda aquela información que consideren necesaria para acadar un nivel axeitado de desenvolvemento do galego.
- Promover o traballo en equipo e cooperativo tanto entre os diferentes niveis do Centro como entre grupos de alumnos e alumnas integrando a todos aqueles que descoñezan a nosa lingua.
- Fomentar a colaboración con outros estamentos, organismos e centros educativos no deseño e realización de actividades relacionadas coa nosa historia, a nosa cultura e a nosa realidade.
- Coordinar as diferentes actividades que se propoñan co resto de comisións do centro.
- Animar a todos os ciclos na participación en actividades conxuntas a nivel de centro.
- Dar a coñecer outras conmemoracións ou datas sinaladas no tan visibles en cursos anteriores.
- Fomentar o gusto pola lectoescritura en galego.
- Coñecer, na medida do posible, as tradicións populares da zona.

Pasamos a continuación a analizar as posibles actividades do curso:

1º TRIMESTRE:

- SAMAÍN
- MAGOSTO
- MES DA CIENCIA
- NADAL.

2º TRIMESTRE:

- DÍA DA PAZ
- DÍA DE ROSALÍA (23 de febrero)
- ENTROIDO
- DÍA DA MULLER (8 de marzo)

3º TRIMESTRE:

- LETRAS GALEGAS

Dende este equipo participarase en calquera outra actividade que xurda e que sexa de interese.

A nivel de documentos do Centro.

- Revisión do Proxecto Lingüístico.
- Elaboración da Addenda do Proxecto Lingüístico.
- Elaboración do Proxecto de Fomento cando saia a convocatoria.

13-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Obxectivos:

- ⑩ Promover, organizar e coordinar o programa de actividades complementarias.
- ⑩ Programar cada unha das actividades de xeito organizado.
- ⑩ Informar á CCP das actividades solicitadas e levadas a cabo polos diferentes ciclos e niveis.
- ⑩ Informar ao Claustro das actividades realizadas.
- ⑩ Coordinar e colaborar nas festas que se determinen durante o curso escolar.
- ⑩ Organizar as saídas de forma gradual durante os tres trimestres.
- ⑩ Facernos socios da asociación “Amigos dos museos” de A Coruña de xeito que as visitas a estes museos sexan de balde para o noso alumnado.

Algunhas das actividades propostas para este curso son:

Saídas e actividades ofertadas e financiadas polo Concello de Oleiros para os diferentes ciclos:

- Visitas pola contorna do Concello: Castelo Santa Cruz, Monumento Natural Dexo-Serantes, Sta Cristina, finca da Carballeira, Bosque dos veciños, etc
- Visitas pola contorna de Galicia: Lugo, Santiago de Compostela, Fragas do Eume, etc.
- Hortas escolares para Educación Infantil e 1º de Primaria.
- Educación Vial, Educación Musical, Teatro, Danza, etc.
- Todas aquelas que se vaian xurdindo ao longo do curso.

Saídas e actividades propostas polo Centro para os diferentes ciclos:

- Museos científicos coruñeses.
- Museos artísticos: Belas artes, Fundación M^a José Jove, Fundación Barrié, etc.
- Granxas escola: Belelle, O Ventoso, Xanceda, Marcelle, Casa do Queixo, etc.
- Parques eólicos: Sotavento.
- Concertos, contacontos, etc
- Todas aquelas que se vaian xurdindo ao longo do curso.

14-PLAN LECTOR ANUAL

O Plan Lector Anual é o programa de accións que se levarán a cabo de xeito periódico ou puntual no noso centro para o desenvolvemento do Proxecto Lector, encamiñado a mellorar as competencias clave do alumnado en todas as áreas do currículo.

O principal obxectivo deste documento é o fomento do hábito lector, ou cando menos, despertar o gusto pola lectura no noso alumnado; aspectos imprescindibles para a adquisición das redefinidas competencias claves nas dúas etapas educativas recollidas na lexislación vixente.

Este curso o tema do Proxecto Lector é: “Un cole de conto” co que pretendemos implicar a toda a comunidade educativa na transformación que imos iniciar na nosa biblioteca, logo de integrarnos dentro do PLAMBE. Queremos conseguir un cole de conto...comezando pola transformación da biblioteca para que sexa un espazo atractivo e motivador para o alumnado e un centro de recursos para o profesorado e a comunidade educativa en xeral.

Dada a etapa de cambios que estamos a piques de comezar o presente plan caracterízase por un carácter flexible e a súa posta en práctica vai estar marcada polo desenvolvemento das medidas recollidas a continuación.

1.OBXECTIVOS

O principal obxectivo que nos marcamos este curso é redefinir o concepto de Biblioteca Escolar que queremos. Partindo da idea da Biblioteca como recurso imprescindible na escola pública, buscaremos unha biblioteca que se caracterice por ser inclusiva e cada vez máis creativa. Tendo isto en conta, os obxectivos que perseguimos con este Plan son os seguintes:

- 1.a Fomentar o gusto por ler, por investigar e gozar de/cos libros.
- 1.b Potenciar o uso das instalacións da Biblioteca Escolar como espazo creativo das aprendizaxes e elemento dinamizador da actividade lectora.
- 1.c Contribuír á formación de lectoras e lectores competentes, capaces de realizar unha lectura crítica de textos de diversa tipoloxía, en formatos e soportes variados e con distintas finalidades.
- 1.d Apoiar ao profesorado na súa práctica docente.

- 1.e Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no fomento de hábitos lectores e mellora da competencia lectora como rutina diaria.

Polo que se refire a organización e xestión dos recursos.

- 1.f Continuar co expurgo iniciado o curso pasado.
- 1.g Dar continuidade ao servizo de préstamo dixital iniciado o curso anterior.
- 1.h Coordinar as actuacións que faciliten a reestructuración da nosa biblioteca coa creación de novos espazos.
- 1.i Invertir o orzamento dispoñible na adquisición de recursos actualizados en distintos soportes e formatos, procurando equilibrar a colección (materiais informativos e de ficción).
- 1.j Invertir o orzamento dispoñible nas obras necesarias para a reestructuración do espazo da biblioteca e no mobiliario necesario.
- 1.k Adquirir o mobiliario necesario e crear os novos recunchos.

Polo que se refire ao Proxecto Lector.

- 1.l Colaborar coas distintas Comisións e co conxunto dos axentes educativos para desenvolver o Proxecto Lector deste curso: “Un cole de conto”.
- 1.m Continuar coas actividades de fomento da lectura iniciadas neste curso: lecturas compartidas, carriños lectores, contacontos, bibliopatio e dinamización na TV escolar.
- 1.n Apoiar aos distintos niveis, deseñar e poñer en práctica actividades para o fomento da lectura.
- 1.o Manter o contacto e colaboración coa rede de bibliotecas públicas do Concello, en especial para a realización de actividades de promoción da lectura.
- 1.p Facer o seguimento da aplicación do Proxecto Lector.

2. ACTIVIDADES PROGRAMADAS.

As actividades que imos levar a cabo van a estar condicionadas polo proceso de reestruturación do espazo da biblioteca e a necesidade de tela pechada para desenvolver as obras. Así durante o tempo que a biblioteca estea aberta, propoñemos actividades coma:

- Empréstitos directos nas horas que cada titoría elixa e indirectos ás aulas; lecturas compartidas...
- Carriños lectores, exposición de novidades, lecturas colectivas... e outras propostas co obxectivo de fomentar o hábito lector gozando coa lectura.
- Obradoiros temáticos no tempo de recreo que teñan como obxectivo a participación directa do alumnado na vida do centro.
- Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións, temáticas traballadas ao longo do curso("Un cole de contos") e novidades.
- Proposta e organización de encontros con autores/as, ilustradores/as, animadores...
- Animación á solidariedade: biblioaxudantes de 5^o/ 6^o de EP.

Ademais das actividades propostas para alumnado e profesorado, tamén se levarán a cabo outras tarefas imprescindibles para o correcto funcionamento da biblioteca coma: catalogación, expurgo, selección e compra de novos fondos, xestión e organización e actividades de formación para seguir mellorando a nosa biblioteca.

No caso de que a biblioteca deba permanecer pechada por obras e reorganización dos espazos, o equipo seguirá desenvolvendo as actividades de fomento da lectura e a comprensión lectora, tendo en conta as particularidades de non contar co espazo habitual da biblioteca. Desta maneira, ao principio de curso, elaboraremos un VÍDEO PRESENTACIÓN onde a nosa mascota, Charlie, presente o novo proxecto e as novidades da biblioteca escolar. Así mesmo, poñeremos en marcha CARRIÑOS LECTORES con propostas variadas en función do curso ao que vaia dirixido. En todos haberá fondos relacionados co proxecto que estamos a traballar, para que desta maneira,

alumnado e profesorado conten cos recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Continuaremos coas sesións de LECTURAS COMPARTIDAS, buscando, se fose preciso, espazos alternativos para levalas a cabo. Promoveremos e organizaremos ENCONTROS CON AUTORES e seguiremos coa BIBLIO-PATIO tal como estaba funcionando o curso pasado.

Por último, o Equipo de biblioteca colaborará estreitamente cos demais equipos de traballo no desenvolvemento das diferentes conmemoracións que se celebrarán a nivel de centro: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día das Letras Galegas... Ademais, contando coa colaboración dos demais equipos do centro, priorizaremos a celebración de conmemoracións que favorezan o desenvolvemento da competencia lingüística, en especial da lectura e a escritura.

Para isto realizaremos as diferentes propostas:

- Día contra a violencia de xénero: con sesións de contacontos temáticos.
- Día Internacional das persoas con Discapacidade: con propostas artísticas e exposicións de contos para promover a inclusión das persoas con diversidade funcional.
- Semana da Prensa/ 8 de Marzo: cun obradoiro onde se analice a presenza das mulleres nos medios de comunicación.
- Día da Poesía: con obradoiros de escritura e a convocatoria dun certame literario.
- Semana do Libro: con sesións de apradiñamento lector e clubs de lectura onde se realicen recomendacións lectoras sobre as preferencias persoais á hora de ler.

3.ORGANIZACIÓN ESPACIO- TEMPORAL

Iniciamos este curso cunha nova organización dos espazos da nosa biblioteca co obxectivo de optimizar o sitio do que dispoñemos mentras non den comezo as obras.

Cada **grupo-clase** terá a opción de elixir unha sesión de biblioteca semanalmente a través no apartado da páxina web adicado a este fin. Con isto pretendemos aproveitar ao máximo a xornada lectiva e adaptarnos ás necesidades de cada titoría.

Todas as aulas levan a cabo a **Hora de Ler** que dedica vinte minutos diarios á lectura persoal ou en gran grupo. Asemade, a Hora de Ler toma ocasionalmente outras formas: lecturas colectivas, lecturas do/a mestre/a, lecturas compartidas de maiores para pequenos...

Esta sesión será xusto despois do recreo para que o seu aproveitamento sexa máis efectivo. Dende a Biblioteca daremos resposta ás necesidades que se nos pidan dende os ciclos para desenvolvela.

Así mesmo, a biblioteca permanecerá aberta nos recreos, agás os días de chuvia que estará pechada. Durante este tempo, o alumnado poderá acudir a realizar diferentes propostas: lecturas, préstamos de exemplares, xogos de mesa, actividades puntuais (obradoiros temáticos), actividades creativas... Para elo, propoñemos modificar algunhas das normas recollidas no Plan de Convivencia do Centro. Por unha banda, decidimos non fixar unha hora tope de entrada á biblioteca, deixar saír a aquele/as alumnos/as que así o desexen e eliminar a utilización dos ordenadores no tempo de recreo. Decidimos propoñer na CCP estas modificacións para, de ser necesario, ser aprobadas en Claustro.

Ademais como novidade este curso, organizaremos diferentes obradoiros no tempo de recreo relacionados con temas de interese para o alumnado ou asociados ás diferentes conmemoracións. Organizaremos quendas por niveis para cada día e contaremos co apoio dos biblioaxudantes para o seu desenvolvemento.

Por último, cada membro da comisión contará cunha hora de dinamización dentro do horario lectivo para realizar tarefas de apoio ao profesorado, actividades de xestión e organización e outras propostas que se recollen no presente Plan.

4. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

A Biblioteca Escolar debe constituírse como o axente dinamizador de todas as actividades relacionadas co Proxecto lector, o fomento da lectura, da solidariedade, da cultura... Para conseguir este obxectivo propoñémonos:

- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado coa fin de colaborar no desenvolvemento da competencia lectora e no desenvolvemento do currículo.
- Difundir os recursos existentes na biblioteca e facilitar o seu uso pola comunidade escolar.
- Manter e mellorar no posible a colaboración co resto do profesorado e das comisións que funcionan no centro.

Para proporcionar un escenario atractivo a todo o antedito, cada curso a BE propón unha

temática ou centro de interese concreto que servirá de fio conductor aos nosos actos pedagóxicos. Este curso iniciamos novo Proxecto: “ Un cole de conto” que pretende ser unha declaración de intencións na que alumnado e profesorado se impliquen no proceso de cambio que imos iniciar para conseguir unha biblioteca máis integradora, dinámica e creativa.

5.AVALIACIÓN

Este plan se define polo seu carácter flexible e de avaliación continua, polo que as adaptacións, ampliacións ou modificacións que poida sufrir na súa posta en práctica derivarán nunha mellora substancial do redactado inicialmente.

A súa implementación deixaranos ver as súas fortalezas e debilidades que serán valoradas nas xuntanzas do equipo de biblioteca e tamén nas xuntanzas da CCP aportaránnos datos relevantes sobre a súa integración e desenvolvemento na didáctica de aula.

Será fundamental valorar aspectos tales como:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Traballo cooperativo e organización.
- Grao de aproveitamento, uso e desfrute, dos recursos da BE .
- Empréstitos realizados directos e indirectos.
- Incremento de fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Nivel de satisfacción do alumnado e do profesorado en xeral.
- Cumprimento dos obxectivos do Plan Lector Anual.

Coas aportacións elaborárase unha memoria final onde se recollan os resultados e as propostas de mellora.

15-PLAN ANUAL DE TIC (TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN)

As tecnoloxías dixitais están cada vez máis presentes na vida cotiá e no entorno social circundante do alumnado. Polo tanto, a introdución das competencias dixitais son un medio importante no proceso de ensino-aprendizaxe. Por outra banda, os recursos que se están a empregar deben manterse en constante cambio e mellora, co cal precisamos unha actualización do equipamento e da infraestrutura, así coma unha formación que permita un uso axeitado e seguro dos mesmos. Atendendo a estas necesidades, dende a Comisión TIC pretendemos facilitar e fomentar o uso das TIC na actividade docente. Para tal fin mostramos dúas liñas de acción:

Obxectivos a longo prazo:

- Formar ao noso alumnado no uso responsable das TICs como fonte de información, de coñecemento e de autoaprendizaxe. Trátase de conseguir a alfabetización dixital do alumnado ensinándolles a selección e tratamento crítico da información que chega a través da Rede.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo para elaboración de material didáctico, presentacións, páxinas web, programacións, memorias, plans...
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro.
- Aumentar os recursos para atención á diversidade.
- Potenciar a educación en valores.
- Familiarizar ao profesorado da importancia de manter uns niveis aceptables de privacidade, tanto persoais, como dos arquivos.
- Dotar ao centro da infraestrutura necesaria para poder desenvolver esta competencia básica de maneira adecuada.
- Continuar coa dotación das nosas aulas educativas con equipos informáticos e de proxección (computador, proxector, PDI, audio e paneis dixitais).
- Manter actualizado o inventario de material TIC do centro.
- Optimizar as canles de información de calquera incidencia relacionada cos recursos TIC co fin de resolvelas pronto.

- Colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da Aula Virtual (EI, 1º, 2º, 3º, 4º de EP) / Edixgal (5º e 6º de EP)

Obxectivos doutros anos que deben continuar formando parte dos obxectivos anuais:

- Colaborar coa dirección do Centro na toma de decisións e definición de estratexias relacionadas co futuro das TICs no Colexio.
- Favorecer e impulsar a comunicación con outros centros e localidades a través de eT-winning, Erasmus +, etc.
- Seguir coa labor de informar a Comunidade Educativa sobre cuestións de interese: convocatorias de admisión de alumnos, lexislación escolar en xeral, exposición de actividades do centro: conmemoracións, saídas extraescolares, intercambios, etc.
- No ámbito da xestión e administración, manter a calidade da atención que se presta ás familias a través da páx. Web, e aplicacións corporativas.
- Facer uso do correo electrónico, compartir noticias, recursos, iniciativas e suxestións de carácter didáctico relacionadas co mundo das TICs.
- Realización e Conmemoración de actividades relacionadas co mundo das TIC.
- Mantemento dos recursos TIC dentro das limitacións horarias e técnicas que temos.
- Colaborar con todas as compañeiras e compañeiros que afondan na súa formación nas TICs, dentro das nosas posibilidades.

SECUENCIACIÓN OBXECTIVOS POR CURSOS

O Equipo Tic fai a seguinte proposta de secuenciación dos obxectivos, para alcanzar a competencia dixital, dende EI ata 6º de EP.

| Sistemas informáticos (hardware, redes, software) | INF | 1º/2º | 3º/4º | 5º/6º |
|---|------------|--------------|--------------|--------------|
| <i>Coñecer os elementos básicos do ordenador e as súas funcións.</i> | | | | |
| - Distinguir entre elementos de hardware e do software. | | | 1 | 2 |
| - Localizar, identificar os elementos físicos básicos do computador: pantalla, teclado, rato. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Interactuar adecuadamente con programas de instalación | | | | 1 |

| | | | | |
|--|------------|--------------|--------------|--------------|
| sinxelos | | | | |
| <i>Coñecer os periféricos básicos do ordenador e mantemento.</i> | | | | |
| - Localizar os principais periféricos de entrada (rato, teclado...) e de saída (monitor, altofalnte...) e conectalos. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| Coñecer outros periféricos | | | | |
| - Utilizar a PDI e panel dixital e coñecer progresivamente as funcións básicas do software que a controla. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| <i>Coñecer e realizar o proceso correcto de inicio e apagado do ordenador.</i> | | | | |
| - Coñecer e localizar os interruptores dun computador e da súa impresora: inicio, apagado, reinicio (reset). | 1 | 2 | 3 | 4 |
| <i>Coñecer o uso do teclado e do rato.</i> | | | | |
| - Controlar o manexo do rato e do teclado con eficacia e precisión. | 1 | 2 | 3 | |
| - Diferenciar cada un dos conxuntos de teclas nos que se organiza o teclado: alfanumérico, teclas de función, numérico, desprazamento, etc | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Coñecer as funcións das principais teclas de desprazamento. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Coñecer as funcións das teclas: teclas multicarácter... | | | | 1 |
| O sistema operativo | INF | 1º-2º | 3º-4º | 5º-6º |
| <i>Coñecer a terminoloxía básica do sistema operativo: arquivos, cartafóis, programas...</i> | | | | |
| - Coñecer os elementos básicos representativos do escritorio: iconas, barra de tarefas. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Distinguir entre programas, documentos e cartafóis e recoñecer as súas iconas. | | 1 | 2 | 3 |
| <i>Gardar e recuperar a información no computador e en diferentes soportes (usb, servizo de nube...)</i> | | | | |
| - Coñecer as características das unidades de almacenamento (discos duros internos, usb, ...) | | | | 1 |
| - Explorar, localizar e recuperar os arquivos dunha unidade de almacenamento. | | | 1 | 2 |
| - Copiar, mover, crear e borrar arquivos nas unidades de | | 1 | 2 | 3 |

| | | | | |
|--|------------|--------------|--------------|--------------|
| almacenamento. | | | | |
| - Crear cartafóis (directorios) e nomealas de acordo ao seu contido. | | | 1 | 2 |
| - Recoñecer a existencia ou inexistencia dunha protección antivirus nun computador. | | | 1 | 2 |
| - Utilizar adecuadamente a papeleira de reciclaxe do sistema. | | 1 | 2 | 3 |
| <i>Coñecer distintos programas de utilidades: comprensión de arquivos, visor documentos..</i> | | | | |
| - Identificar os programas de utilidades existentes no computador e a forma de acceder a eles (calculadora, bloc de notas...). | | | 1 | 2 |
| Procesamento de textos | INF | 1º-2º | 3º-4º | 5º-6º |
| <i>Coñecer a terminoloxía básica dos editores de texto: formato, fonte, parágrafo...</i> | | | | |
| - Practicar a mecanografía para poder picar textos con rapidez e eficiencia. | | | 1 | 2 |
| - Coñecer as principais fontes de caracteres e os seus formatos básicos: negrita, cursiva, subliñado. | | 1 | 2 | 3 |
| - Coñecer os conceptos básicos asociados aos parágrafos: xustificación, sangría, interlineado... | | | 1 | 2 |
| - Coñecer os conceptos básicos asociados ás páxinas: marxe, formato de papel... | | | | 1 |
| <i>Utilizar as funcións básicas dun procesador de textos.</i> | | | | |
| - Distinguir entre ,abrir, e crear un documento. | | 1 | 2 | 3 |
| - Crear un documento, escribir un texto simple e almacenalo. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Abrir un documento e imprimilo. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| <i>Estruturar os documentos: copiar, pegar, cortar...</i> | | | | |
| - Seleccionar un texto utilizando distintos procedementos. | | | | |
| - Utilizar as funcións cortar, copiar e pegar textos na revisión e edición do texto. | | 1 | 2 | 3 |
| - Proporcionar diversos atributos a un texto e modificalos. | | 1 | 2 | 3 |
| - Definir e modificar as características dun parágrafo. | | | 1 | 2 |

| | | | | |
|--|------------|--------------|--------------|--------------|
| - Inserir imaxes nun documento. | | | 1 | 2 |
| - Inserir táboas de datos e editalas | | | | 1 |
| Navegación por internet | INF | 1º-2º | 3º-4º | 5º-6º |
| <i>Saber usar os navegadores web.</i> | | | | |
| - Acceder a sitios web tecleando a dirección URL na barra de direccións ou seleccionándoa no menú de favoritos. | | | 1 | 2 |
| - Utilizar as funcións básicas do programa navegador: avance/retroceso , historial , deter, actualizar, recoñecer hipervínculos, imprimir información... | | | 1 | 2 |
| - Coñecer e utilizar os buscadores (de páxinas web, imaxes...) máis usuais. | | | 1 | 2 |
| - Coñecer a forma de gardar en favoritos aquelas páxinas de interese e organizalas seguindo un criterio. | | | | 1 |
| - Seleccionar con criterio aquelas páxinas web que aporten coñecementos útiles e fiables. | | | | 1 |
| - Coñecer portais educativos ou lugares web (diarios, institucións...) con recursos útiles para obter información ou solventar dúbidas. | | | | 1 |
| - Navegar ou participar en internet seguindo boas prácticas de seguridade | | | | 1 |
| Tratamento da imaxe | INF | 1º-2º | 3º-4º | 5º-6º |
| - Coñecer as principais ferramentas dun editor gráfico pincel, encher, liñas, formas...) e con elas facer un debuxo sinxelo. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Gardar imaxes obtidas en internet nun cartafol. | | | 1 | 2 |
| - Capturar pantallas do ordenador e mediante programas axeitados seleccionar unha parte da imaxe e gardala. | | | | 1 |
| - Capturar imaxes utilizando scanner para o seu posterior uso e tratamento. | | | | 1 |
| -Obter imaxes mediante cámara dixital e transferencia ao disco duro do ordenador para a súa posterior utilización. | | | | 1 |
| Entretemento e aprendizaxe coas tic | INF | 1º-2º | 3º-4º | 5º-6º |
| - Distinguir entre un uso normal dun xogo ou entretemento | 1 | 2 | 3 | 4 |

| | | | | |
|---|------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| relacionado coas TIC e unha dedicación de tempo excesiva | | | | |
| - Ter un certo control do tempo de uso dos xogos e demais entretementos que proporcionan as TIC | 1 | 2 | 3 | 4 |
| - Coñecer fontes de información útil en internet. | | | 1 | 2 |
| Actitudes xerais ante as TIC | INF | 1^o-2^o | 3^o-4^o | 5^o-6^o |
| - Ter unha actitude aberta ante as TIC e estar disposto a utilizar os seus recursos no ámbito escolar e no persoal. | 1 | 2 | 3 | 4 |

16-PLAN DE MELLORA DA CONTORNA.

Obxectivos:

1. Continuar coa labor de concienciación da comunidade educativa sobre a importancia do coñecemento e coidado da contorna e o aproveitamento dos recursos naturais.
2. Promover a actuación da comunidade educativa de maneira autoxestionada: manter a orde e a limpeza, reciclaxe de produtos, coidado das plantas, etc.
3. Evitar a contaminación acústica en horario lectivo.

Propostas para a consecución dos obxectivos:

1. Concienciar ao alumnado e ás familias sobre a idoneidade de traer as merendas en envases o máis ecolóxicos posible, evitando os envoltorios plásticos e papel de aluminio.
2. Plantación e mantemento de plantas por parte do alumnado, nas distintas zonas do Centro.
3. Continuar co coñecemento das árbores do colexio.
4. Dotar a cada titoría dunha cesta con xogos para o patio: corda, goma de saltar, pelota e tabas.
5. Cambiar as plantas artificiais por naturais.
6. Facer o mantemento das caixas de primeiros auxilios dos dous edificios.
7. Continuar coa reciclaxe de papel e cartón, bolígrafos e rotuladores e toner.
8. Mercar xices e borradores para seguir utilizando as lousas do patio cuberto.
9. Continuar promovendo a celebración de carreiras polo colexio.
10. Solicitar que o cortado de céspede e soprado de follas se realice en horario non lectivo; polo menos nas zonas que están a carón das aulas.

17-PLAN DE POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

As relacións entre a Comunidade Educativa e as familias funcionan con fluidez a diferentes niveis:

17.1-TITORÍA:

Realízase unha reunión a inicio de curso e antes de rematar o mes de setembro con todas as familias, para establecer contacto e intercambio de información xeral e común.

O profesorado ten un horario de atención individual ás familias, previa cita, os luns de 16.00 a 17.00 horas.

17.2-NIVEL OU CICLO

Ao longo do curso pídese colaboración ás familias para levar a cabo determinadas conmemoracións: Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido, Nadal, Semana do libro, Letras Galegas...

17.3-EQUIPO DIRECTIVO

Asiste ás reunións de presentación de Infantil de 3 anos para poñerse a disposición das familias e informalas de aqueles criterios organizativos que estamos a seguir e nos que é importante a súa colaboración para crear un clima de boa convivencia e respecto entre os membros da comunidade educativa.

Os membros do equipo directivo teñen un horario de atención a familias, previa cita e que está publicado na páxina web do Centro e comunicado ás familias mediante Abalar.

Dirección: de luns a venres de 9:00 a 9:50 e luns de 16:00-17:00.

Xefatura Estudos: de luns a venres de 9:00 a 9:50 e luns de 16:00-17:00.

Secretaría: de luns a venres de 13:10 a 14:00, xoves de 9:00-9:50 e luns de 16:00-17:00.

Contamos cun auxiliar administrativo con atención ao público de 9.00 a 14.00 h. de luns a venres e os luns 16.00 a 18.00 h.

17.4-ANPA

Atende as demandas das familias de xeito presencial na oficina que teñen no Centro a partires das 13.30h e de xeito telemático a través do correo electrónico e en redes sociais. Tamén a coordinadora da empresa que xestiona o comedor, atenderá ás familias no despacho da ANPA dende as 12:30h ata as 13:30h de Luns a venres.

17.5-CANLES DE INFORMACIÓN

Para informar ás familias de xeito claro e directo daqueles temas que consideramos de importancia temos as seguintes canles:

- ABALARMOBIL: informacións, incidencias, faltas...
- Correo electrónico do Centro: ceip.valle.inclan.oleiros@edu.xunta.es
- Páxina Web do Centro:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalleinclanoleiros/>
- Páxina Web da ANPA: www.apavalleinclan.es

18-OFERTA EDUCATIVA DE RELIXIÓN, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS E PROXECTO COMPETENCIAL

Educación Infantil:

O alumnado que non opte polo ensino da relixión quedará na aula en Atención educativa, traballando aspectos non curriculares, tal e como recolle a Resolución de 26 de maio de 2022.

Educación Primaria:

Na Educación Primaria o alumnado cursará a área de Relixión ou de Proxecto competencial, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a titoría legal.

As familias poderán modificar a elección para cursar relixión ou proxecto competencial dende o remate das clases en xuño e ata final dese mes. Tamén nos primeiros días de setembro antes de que volvan comezar as clases do seguinte curso.

Unha vez que xa estean comezadas as clases, non se poderá facer o cambio.

No Centro impártese relixión católica en todos os niveis co horario que marca a lexislación vixente de 1 hora semanal.

19- LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DE TRABALLO.

-EDUCACIÓN INFANTIL:

Nesta etapa educativa o noso centro traballa mediante a creación de cooperativas das familias que se forman ao comezo da etapa en 4º EI e mantéñense ata rematar en 6º EI.

A través destas cooperativas, as mestras dispoñen dos materiais e recursos que precisan en cada momento segundo cada actividade, sendo as familias as encargadas de controlar, xestionar e xustificar os ingresos de todas as familias.

-EDUCACIÓN PRIMARIA:

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|-------|---------------|--|----------------------------------|---|
| 1º | L. Castellana | LECTOESCRITURA- CONSTRUYENDO MUNDOS | SANTILLANA | 978-8468071602 |
| 1º | L.Galega | CADERNO LECTOESCRITURA- CONSTRUÍNDO MUNDOS | SANTILLANA | CADERNO 1: 978- 8491855361 CADERNO 2:978- 8491855439 |
| 1º | L. Inglesa | Guess What! Pupils Book 1 with e Book | CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS | 978-8-413-22006-2 |
| 1º | Matemáticas | OPERACIÓN MUNDO | ANAYA | 978-84-698-93517 |
| 1º | Relixión | RELIXIÓN CATÓLICA 1 | ANAYA | 978-84-698-9736-2 |

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|-------|----------------------------|-----------------------------------|---------------------|--|
| 2º | L. Castellana | COMPRESIÓN LECTORA | SANTILLANA | 978-84-680-1292-6 |
| 2º | L.Galega | CONSTRUÍNDO MUNDOS | SANTILLANA | CADERNO 1:978-84-9185-699- 3 CADERNO 2:978-84-9185-695- 5 CADERNO 3: 978-84-9185-689- 4 |
| 2º | L. Inglesa | Kids Can! 2Pb & Extra Fun e PK | Macmillan E.L.T. | 9781380051790 |
| 2º | Matemáticas | CONSTRUYENDO MUNDOS | SANTILLANA | 978-84-144-0856-8 |
| 2º | Relixión | RELIXIÓN CATÓLICA 2 | ANAYA | 978-84-698-9740-9 |
| 2º | PLATAFORMA DIXITAL SNAPPET | | | 978-84-944205-3-5 |

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|-------|----------------|---|------------|-------------------|
| 3º | L. Castellana | CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA | SANTILLANA | 978-84-680-7201-2 |
| 3º | L. Galega | CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA | SANTILLANA | 978-84-9185-409-8 |
| 3º | L. Inglesa | OPEN UP CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK 3 | OXFORD | 9780194072618 |
| 3º | L. Inglesa | OPEN UP ACTIVITY BOOK WITH DIGITAL BOOK 3 | OXFORD | 9780194072373 |
| 3º | Matemáticas | CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA | SANTILLANA | 978-84-680-7136-7 |
| 3º | C. da natureza | CONSTRUYENDO MUNDOS | SANTILLANA | 978-84-9185-410-4 |
| 3º | C. sociais | CONSTRUYENDO MUNDOS | SANTILLANA | 978-84-9185-416-6 |
| 3º | Relixión | RELIXIÓN CATÓLICA 3 | ANAYA | 978-84-143-0183- |

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|-------|----------------|---|--------------|-------------------|
| 4º | L. Castellana | OPERACIÓN MUNDO | ANAYA | 978-84-143-1929-1 |
| 4º | L. Inglesa | OPEN UP 4CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK | OXFORD | 9780194072885 |
| 4º | L. Inglesa | OPEN UP 4 ACTIVITY BOOK + ALK WITH DIGITAL BOOK | OXFORD | 9780194072694 |
| 4º | Matemáticas | COMUNIDAD ZOOM | VICENS-VIVES | 978-84-682-9185-7 |
| 4º | C. da natureza | COMUNIDADE ZOOM | VICENS-VIVES | 978-84-682-9250-2 |
| 4º | C. sociais | COMUNIDADE ZOOM | VICENS-VIVES | 978-84-682-9253-3 |
| 4º | Relixión | RELIXIÓN CATÓLICA 4 | ANAYA | 978-84-143-2170-6 |

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|----------|------------|--------------------------------------|------------------|---------------|
| 5º | L. Inglesa | TIME TRAVELLERS 5 BLUE ACTIVITY BOOK | MILTON EDUCATION | 9788417911621 |
| E-DIXGAL | | | | |

| CURSO | ÁREA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|----------|----------------|--------------------------------------|------------------|---------------|
| 6º | C. sociais | COMUNIDADE ZOOM | VICENS-VIVES | 9788468292571 |
| 6º | C. da natureza | COMUNIDADE ZOOM | VICENS-VIVES | 9788468292489 |
| 6º | L. Inglesa | TIME TRAVELLERS 6 BLUE ACTIVITY BOOK | MILTON EDUCATION | 9788417911645 |
| E-DIXGAL | | | | |

20-ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Está programado solicitar e/ou continuar con:

- Plan director: Charlas educativas da Garda Civil sobre diversas temáticas de actualidade.
- PFPP:
 - ERASMUS.
 - EDIXGAL
 - BIBLIOTECA
 - SAÚDE E MEDIOAMBIENTE
 - PLAN DIXITAL
 - PROGRAMA ACOMPAÑA
- PLAMBE
- Polos creativos.
- Solicitado Club de ciencia.
- Formación para as tablets interactivas das aulas que substitúen ás antigas PDI.
- Posibilidade de facer unha xornada de formación para o persoal docente

e non docente co fin de mellorar o coñecemento sobre as medidas de auto protección e primeiros auxilios. (Concello)

21-PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Cada curso, ciclo, comisión ou departamento fará un seguimento da parte que lle corresponda directamente desta Programación. En canto aos demais proxectos e plans do Proxecto Educativo, cada un dos equipos de traballo valorará, cando menos trimestralmente, a parte que teña encomendada.

No primeiro trimestre definirán aspectos avaliábeis e instrumentos de avaliación, para posteriormente aplicalos e presentar os resultados ao Claustro e Consello Escolar.

Nos claustros de valoración de resultados de cada avaliación, o equipo directivo presentará un informe sobre o grao de desenvolvemento da Programación Xeral Anual recollendo todas as achegas de mellora.

Na memoria, de fin de curso figurará unha valoración e recolleranse as achegas do Claustro e

do Consello Escolar.

As suxestións serán propostas a estudar de cara a incluílas na programación xeral do seguinte curso e ao longo deste curso, poderemos incorporar propostas a esta programación sempre que previamente sexan informadas polo Claustro e posteriormente as corrobore o Consello Escolar.

22- PLAN DE TRABALLO BENESTAR E CONVIVENCIA

Con este Plan fomentárase o traballo en aspectos transversais que inciden no benestar emocional ; alimentación, actividade física, bo descanso, goce no grupo de iguais ou contorno, relaxación, positividade ante as experiencias,....

O benestar emocional é un concepto amplo, que ten que ver non só coa experiencia subxectiva de sentirse ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá

Debemos partir dunha planificación e actuar en relación a varias fases PREVENCIÓN, FORMACIÓN, DETECCIÓN e INTERVENCIÓN.

No inicio deste curso 23-24 atopámonos con varias incidencias de faltas de respecto continuadas entre o alumnado, principalmente de cursos de 5^o e 6^o de Educación Primaria, e situacións de conflitos polo que faise totalmente necesario actuacións directas non só do/a titor/a ,senón tamén da orientadora e das familias dos implicados para o establecemento de pautas e/ ou orientacións a levar a cabo. Isto pon de manifesto a necesidade dun Plan para non só actuar nestes casos senón para prever que non suceda e así poder rentabilizar persoal e tempos.

1. Análise do contexto.

Remitímonos ó Proxecto de Centro onde se concretan as características globais do centro e do noso contorno, é importante destacar como características deste plan a análise dos tempos de lecer; o centro conta cun espazo moi amplo diversificado en zonas onde o alumnado pode realizar distintas actuacións (parques infantís, canchas de baloncesto e fútbol, ...) pero moi limitado en caso de choiva polo que os patios neste caso serán nas aulas, precisando de normas e acordos para garantir unha convivencia harmónica.

O tempo de lecer soe ser onde se rexistran máis conflitos ou nos períodos de compartir espazos

comúns mesturándose alumnado de diferentes niveis e características (alumnado que chega antes ao cole en bus, tempo de comedor,...) unido a isto temos un número cada vez máis alto de alumnado con necesidades educativas especiais que precisa de persoal para atender as súas necesidades.

2. Obxectivos, temporalización e indicadores.

A través deste Plan pretendemos o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

Seguindo o Plan de Convivencia do centro os obxectivos que pretendemos acadar co desenvolvemento do plan divídense en obxectivos xerais e específicos. Dentro dos primeiros destacan:

- Mellorar a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.
- Previr comportamentos disruptivos e de acoso.
- Atender a diversidade.
- Implicar os distintos sectores da comunidade educativa.
- Procurar a autoestima persoal e profesional de todos os sectores da comunidade educativa.

Como obxectivos específicos:

- Potenciar o uso do diálogo.
- Respetar a un mesmo , aos demais e ao contorno.

En base a eles, elabórase a seguinte táboa onde se recollen os obxectivos, a súa temporalización ,os responsables de levala a cabo e o indicar de cumprimento par a súa posterior avaliación.

| OBXECTIVO | TEMPORALIZACIÓN | RESPONSABLES | INDICADOR |
|---|--|---|---|
| Detectar situacións de malestar no conxunto da comunidade educativa | Inicio inmediato e duración en tanto persista a necesidade | Profesorado. RAOGAL | Establecemento de redes de apoio. (RAOGAL, servizos sanitarios, EOE, servizos sociais, ONGs,...) |
| Fortalecer a competencia emocional na comunidade educativa | Ao longo do curso | Profesorado. RAOGAL | Participa en actividades de formación neste campo. |
| Propiciar contornas escolares saudables e seguras adaptadas a cada etapa educativa | Ao longo do curso | Profesorado e comisión de MELLORA DA CONTORNA, principalmente | Incorporación de actividades ás programacións do centro. |
| Instaurar plans de reforzo e recuperación para o alumnado que presente necesidades. | A longo do curso | Departamento de Orientación. Profesorado. | Análise dos resultados académicos nas xuntas de avaliación. |
| Desenvolver un Programa de Habilidades Sociais . | Cando aparezan dificultades e ao longo do curso | Orientadora. Profesorado da aula/nivel. | Colaboración en favorecer un ambiente en harmonía con positivismo e autorregulación emocional. |

| | | | |
|---------------------------------|--------------------|--------------|--|
| Xerar sentimento de comunidade. | Ao longo do curso. | Profesorado. | Comparte información e promove actividades conxuntas de convivencia. |
|---------------------------------|--------------------|--------------|--|

3. Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e difusión.

Para valorar o desenvolvemento dos distintos obxectivos e actuacións do Plan elabórase o seguinte documento:

| ACTUACIÓNS PREVISTAS EN BASE AOS INDICADORES. | GRAO DE DESENVOLVEMENTO (TD: TOTALMENTE DESENVOLVIDA, PD: PARCIALMENTE DESENVOLVIDA ou ND: NON DESENVOLVIDA) |
|---|--|
| Establecer redes de apoio. | |
| Participar en actividades de formación. | |
| Incorporación de actividades á programación do centro. | |
| Análise dos resultados académicos nas xuntas de avaliación. | |
| Colaborar en favorecer un ambiente en harmonía con positivismo e autorregulación emocional. | |
| Compartir información e promover actividades conxuntas de convivencia. | |

A difusión do presente Plan e de tódalas actividades previstas será a través da páxina web e de ABALAR. Tamén haberá un banco de recursos no disco duro en rede para o profesorado.